



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Textos e Análise: Semántica		Código	613445027
Titulación	Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	2
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado			Correo electrónico	
Web				
Descrición xeral	Análise e comentario de textos desde a perspectiva semántica.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A7	Que dominen as técnicas e as estratexias da comunicación verbal.
A9	Que poidan realizar tarefas de revisión, corrección, supervisión e asesoramento lingüístico.
A10	Que sexan capaces de elaborar documentación específica: textos científicos, textos técnicos, textos publicitarios, textos xurídicos, etc.
A12	Que dominen a linguaxe específica de diferentes ámbitos profesionais.
A14	Que saiban desenvolver calquera tipo de texto oral ou escrito en diferentes ámbitos profesionais relacionados coa comunicación.
B1	Que posúan e comprendan coñecementos especializados no ámbito dos estudos lingüísticos e das tecnoloxías da comunicación.
B3	Que saiban aplicar os coñecementos adquiridos.
B5	Que sexan capaces de integrar coñecementos diversos.
B9	Que posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando e aprendendo dun modo autónomo.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Que dominen as técnicas e as estratexias da comunicación verbal.	AP7		
Que poidan realizar tarefas de revisión, corrección, supervisión e asesoramento lingüístico.	AP9		
Que sexan capaces de elaborar documentación específica: textos científicos, textos técnicos, textos publicitarios, textos xurídicos, etc.	AP10		
Que dominen a linguaxe específica de diferentes ámbitos profesionais.	AP12		
Que saiban desenvolver calquera tipo de texto oral ou escrito en diferentes ámbitos profesionais relacionados coa comunicación.	AP14		
Que posúan e comprendan coñecementos especializados no ámbito dos estudos lingüísticos e das tecnoloxías da comunicación		BP1	
Que saiban aplicar os coñecementos adquiridos.		BP3	
Que sexan capaces de integrar coñecementos diversos.		BP5	
Que posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando e aprendendo dun modo autónomo		BP9	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CM3



Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			CM4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			CM6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Semántica, pragmática e léxico 1.2. O contido lingüístico 1.3. Significado, denotación e sentido
2. Lingüística textual e análise do texto	2.1. O texto: propiedades, tipoloxía e léxico 2.2. A construción textual do sentido 2.3. A coherencia semántica e a macroestrutura textual
3. A cohesión lexical do texto	3.1. Cohesión referencial, cohesión secuencial e léxico 3.2. A anáfora asociativa e a anáfora demostrativa 3.3. A progresión textual, a nominalización e o rótulo
4. As relacións semánticas e a súa funcionalidade no texto	4.1. Relacións de incompatibilidade: antonimia 4.2. Relacións de inclusión: hiponimia, hiperonimia, meronimia, holonimia 4.3. Sinonimia, polisemia e homonimia. A linguaxe figurada
5. A calidade semántica dos textos	5.1. As mudanzas de significado 5.2. As interferencias semánticas 5.3. A paronomasia e os falsos amigos

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	1	7	8
Sesión maxistral	6	9	15
Presentación oral	1	3	4
Recensión bibliográfica	1	2	3
Lecturas	1	2	3
Obradoiro	4	8	12
Proba mixta	1	3	4
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Recensión bibliográfica	Cada estudante deberá entregar a(s) recensión(s) bibliográfica(s) que o profesor indicará ao longo do curso.



Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valorizadas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respostas.	30
Traballos tutelados	Valorízase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	15
Presentación oral	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorizados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10
Recensión bibliográfica	Elaboración escrita dunha ou máis recensións bibliográficas de libros e/ou artigos pertinentes para a formación do estudantado. Será valorada a capacidade de síntese, o rigor e clareza expositiva, ben como a calidade lingüística.	15
Lecturas	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor.	15
Obradoiro	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	15

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Ao mesmo tempo, todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de
NON PRESENTADO/A

será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%.



Fontes de información

Bibliografía básica

- Monteagudo, H. (1991). "A modernización do léxico galego en Sempre en Galiza e a norma léxica do galego culto actual", en Homenaxe ó profesor Constantino García, I, 293-320. Santiago de Compostela: Universidade
- Vasquez Corredoira, F. (2011). 101 Falares com Jeito. Ourense: Através Editora
- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega
- Fagim, V. R. (2010). Do Ñ para o NH. Ourense: Através Editora
- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudos de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da Lingua Galega III. Semántica. Vigo: A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da Lingua Galega IV. Gramática do Texto. Vigo: A Nosa Terra
- Koch, I. G. Villaça (2004). Introdução à Lingüística Textual. São Paulo: Martins Fontes
- Vilela, M. (2002). Metáforas do Nosso Tempo. Coimbra: Almedina
- Lakoff, G. / Johnson, M. (2003). Metaphors We Live By. Chicago / London: The University of Chicago Press
- Ullmann, S. (1977). Semântica. Uma Introdução à Ciência do Significado. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian
- Rodríguez Río, X. A. (2008). Un idioma preciso. Extractos de lingua en movemento. Santiago de Compostela: 2.0 Editora
- González Seoane, E. X. (1994). Variedade e empobrecemento léxico. Cadernos de Lingua 10, 89-102

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías